

Local Rúa Elduayen 31



- **Ubicación:** Elduayen 31 Vigo
- **Superficie útil:** 106,95 m²
- **Descrición:** FINCA NÚMERO UN.- Local comercial situado a dereita do edificio (nivel 0), visto dende o seu fronte á rúa Elduayen dende ao que se accede, e ocupando, xunto ás escaleiras e portal de acceso ao edificio, a planta baixa da totalidade da parcela.
- **Lindes:** Lindeiros dende a Rúa Elduayen: Fronte ou noroeste: Rúa Elduayen, portal e escaleiras do mesmo edificio e edificio sinalado co nº 33 da rúa Elduayen, (Referencia catastral 2664027NG2726S). Fondo ou sueste: Terreo baixo a rúa Ferrería. Dereita ou suroeste: Edificio sinalado co nº 33 da rúa Elduayen (Referencia catastral 2664027NG2726S) e edificio sinalado co nº 12 da rúa Ferrería (Referencia Catastral 2664029NG2726S). Esquerda ou nordés: Portal e escaleiras de acceso ás vivendas e edificio sinalado co nº 29 da rúa Elduayen (Referencia Catastral 2664011NG2726S).
- **Cota:** Correspóndelle unha cota de participación en gastos de vinte enteiros por cento (20%)
- **Cargas:** atópase libre de cargas e gravames, arrendatarios e ocupantes, e ao corrente no pago de impostos.
- **Inscripción rexistral:** Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo Finca nº 84238
Identificador único rexistral CRU: 36020000630774
- **Referencia catastral:** 2664012NG2726S1001SF
- **Normas estatutarias:** A actividade exercida no local de planta baixa non poderá desenvolverse a partir das 23 horas. As actividades fora de dito horario deberán ser autorizadas previamente pola Presidencia do Comunidade de Propietarios, previa solicitude que se formulará cunha semana de antelación. Requirirá a mesma autorización a realización de eventos que poidan causar unha molestia especial, pola afluencia de público, xeración de ruídos, etc. A estes efectos a Presidencia actuará por delegación da Comunidade de Propietarios podendo esta avocar ou revocar a delegación. A falta de resposta expresa á solicitude no prazo de tres días dende a súa comunicación, entenderase en sentido favorable ao desenvolvemento da actividade.
- **Obras necesarias:** Precisa instalación eléctrica, pintura, acabados e carpintería interior.

